

# MEMORIA

## "Camión con nós pola igualdade"

Outubro 2006-Xuño 2007

## INDICE

### 1. INTRODUCCIÓN

### 2. DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

#### 2.1. FASES DO DESEÑO E DESENVOLVEMENTO

#### 2.2. DATOS CUANTITATIVOS: CENTROS, ALUMNADO E PROFESORADO

#### 2.3. OBRADOIROS

##### 2.3.1. 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL (3-5 ANOS) E 1º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA (6-7 ANOS)

###### A. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

###### B. OBRADOIROS DESENVOLVIDOS

##### 2.3.2. 6º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA (11-12 ANOS)

###### A. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

###### B. OBRADOIROS DESENVOLVIDOS

#### 2.4. METODOLOXÍA

#### 2.5. RECURSOS

### 3. AVALIACIÓN

#### 3.1. AVALIACIÓN DOS OBRADOIROS REALIZADOS POLAS PEDAGOGAS

##### 3.1.1. OBRADOIROS PARA O ALUMNADO DO 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL E 1º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

A. ALUMNADO QUE PARTICIPOU POR 1ª VEZ NO PROGRAMA.

B. ALUMNADO QUE PARTICIPOU NO PROGRAMA POR 2ª VEZ

3.1.2. OBRADOIROS PARA O ALUMNADO DE 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

3.2. AVALIACIÓN DOS OBRADOIROS REALIZADA POLO PROFESORADO QUE PARTICIPOU NO PROGRAMA

4. CONCLUSIÓNS

## ANEXOS

Anexo 1: Material divulgativo do programa. Trípticos, carteis, cartas de presentación, follas de inscrición.

Anexo 2: Recepción de solicitudes.

Anexo 3: Ficha de recollida de datos estatísticos

Anexo 4: Enquisa de avaliación 2006-2007

Anexo 5: Recompilación datos estatísticos

## 1.-INTRODUCCIÓN

**" CAMIÑA CON NÓS POLA IGUALDADE"** é un proxecto que se enmarca no *II Plan de acción municipal para combater a violencia contra as mulleres 2004-2007* e no *III Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Vigo 2005-2007*.

O obxectivo principal de "Camión con nós pola igualdade" é fomentar a educación en igualdade de oportunidades entre nenos e nenas dende a comunidade educativa para promover a coeducación e previr a violencia de xénero.

## 2.- DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

### 2.1.- FASES DO DESEÑO E DESENVOLVEMENTO

O seguinte apartado aporta unha visión xeral e un resumo da posta en marcha do programa. Este desenvolvemento constou das seguintes fases:

#### ▣ PRIMEIRA FASE (OUTUBRO 2006):

- **Reunión coa xefa do servizo de Muller para concretizar a que alumnado se dirixe esta nova edición do programa "Camióna con nós pola igualdade".** Esta nova edición centrarase no alumnado do 2º Ciclo de Educación Infantil, 1º curso do Educación Primaria (só para aquel alumnado que participou na edición anterior do programa) e 6º de Educación Primaria.

Para a realización das actividades que contempla este programa se deu prioridade ao 2º Ciclo de Educación Infantil por tratarse dunha etapa educativa idónea para traballar a coeducación, a igualdade de oportunidades entre xéneros e a prevención de condutas violentas; así como tamén ao 1º curso de Educación Primaria para levar a cabo unha intervención continuada no tempo que nos permita unha mellor consecución dos obxectivos que este programa persegue; e finalmente ao último curso de Educación Primaria (6º Curso) xa que se trata dunha etapa de transición á Educación Secundaria Obrigatoria na que é importante proporcionar ferramentas que lle permitan ao alumnado unhas interaccións positivas e igualitarias cos seus iguais.

- **Reparación de materiais pertencentes aos obradoiros desenvolvidos na I Edición do Programa *Camióna con nós pola igualdade*,** curso escolar 2005-2006. Considerouse oportuna esta reparación xa que estes materiais ían ser empregados na realización de obradoiros naqueles centros que se incorporan ao programa nesta II edición e para o alumnado novo (3 anos de Educación Infantil e 6º curso de Educación Primaria) dos centros que xa colaboraron coa Oficina da Muller na súa primeira edición.
- **Revisión bibliográfica e de diverso material didáctico e pedagóxico** dirixido á busca de información de material coeducativo, educación afectivo-sexual, igualdade de oportunidades, violencia de xénero, etc.; e á busca de material didáctico-pedagóxico que puideran ser de utilidade no posterior deseño e desenvolvemento dos novos obradoiros do 2º Ciclo de Educación Infantil e 1º curso de Educación Primaria.
- **Comezo do deseño dalgunhas das actividades e materias didácticos** para a posta en marcha dos novos obradoiros para o 2º Ciclo de Educación Infantil (4 e 5 anos) e 1º de curso de Educación Primaria da "*II Edición do programa Camióna con nós pola igualdade*". A idea desta nova edición do programa, ao igual que o ano pasado, é a de deseñar catro obradoiros temáticos.

## Camión con nós pola igualdade

- **Deseño de materiais de difusión do proxecto na comunidade educativa:** elaboración de cartas de presentación para dar a coñecer o proxecto, as actividades que contempla e os recursos dispoñibles; revisión do tríptico (este tríptico acompáñase dun pequeno cuestionario co que se pretende coñecer os intereses e necesidades da comunidade educativa) e cartace da edición anterior do programa, para posteriormente entrar en contacto coa empresa encargada da edición desta publicidade, VICUS.
- **Revisións sucesivas do xogo didáctico-coeducativo *Planeta Igualdade*,** iniciado na I Edición do *Programa Camión con nós pola igualdade*. Para esta revisión mantivéronse reunións entre a Xefa da Oficina da Muller, a empresa responsable da publicación do xogo, Publígal, e as pedagogas do programa para tratar aspectos relativos ás correccións e cambios do xogo.
- Tamén nesta etapa se realizaron outras actividades varias relacionadas co **desenvolvemento habitual da oficina** (reunións coa Xefa do servizo, atención ao público,...).

### ▣ SEGUNDA FASE (NOVEMBRO-DECEMBRO 2006):

**Envío do material divulgativo do programa** (carta de presentación, tríptico e cartaces, folia de inscrición) a todos os Centros Públicos do Concello de Vigo de Educación Infantil e Primaria. **CONSULTAR ANEXO 1: Material divulgativo do programa.**

**Recepción de solicitudes de participación no programa por parte dos centros educativos.** Formularon a súa solicitude un total de 32, dos que 29 o fixeron dentro do prazo establecido e 3 fóra. Todos aqueles centros que participaron da I primeira edición do programa no curso 2005-2006, solicitaron participar nesta nova edición 2006-2007. **CONSULTAR ANEXO 2: Recepción de solicitudes.**

**Unha vez recibidas as solicitudes mantívose unha reunión coa técnica da Oficina para establecer cal sería o criterio para priorizar a realización dos obradoiros nos centros educativos, así como concretar a planificación para o seu desenvolvemento.** Dado o tempo inicial dispoñible (do 21 de novembro ao 21 de decembro), decidiuse levar a cabo 1 obradoiro en cada unha das unidades dos primeiros 15 centros que solicitaron participar no programa. Os obradoiros realizáronse en horario escolar, tentado adaptarse, na medida do posible, á dinámica de cada centro.

**Contacto cos Centros Educativos para consensuar e planificar as datas e os horarios para a realización dos obradoiros,** emitíndose posteriormente faxes a estes centros para deixar constancia do acordado.

**Continuouse na elaboración de actividades ata completar o deseño de catro obradoiros temáticos.**

## Camión con nós pola igualdade

**Elaboración dos materiais didácticos** para levar a cabo as actividades do 1º obradoiro a impartir nesta 1ª fase do programa. Para esta realización foi necesario mercar diverso material (pintura, diversos tipos de papeis, cartulinas, feltro,...), e a súa posterior elaboración.

**Deseño e elaboración da ficha de recollida de datos e avaliación interna** das actividades que compoñen os obradoiros que se realizaron. Esta ficha é empregada en cada un dos obradoiros realizados. **CONSULTAR ANEXO 3: Ficha de recollida de datos estatísticos.**

**Posta en marcha dos obradoiros da II Edición do Programa *Camión con nós pola igualdade*** no 2º Ciclo de Educación Infantil e en 1º e 6º de Educación Primaria (do 21 de novembro ao 21 de Decembro).

### ■ TERCEIRA FASE (XANEIRO-XUÑO 2007):

**Ampliación do programa:** Ante a decisión da Oficina da Muller de continuar co programa ata finais de xuño reorganizouse novamente a demanda formulada polos Centros Educativos.

Inicialmente, na *Folla de incrición do programa*, deuse a posibilidade de solicitar de 1 a 4 obradoiros ( para consultar detalladamente o nº de obradoiros solicitados por cada centro educativo para cada unha das unidades para cada unha das unidades dos niveis educativos ofertados (**CONSULTAR ANEXO 2: Recepción de solicitudes**) pero finalmente se decidiu impartir 3 obradoiros, como máximo, en cada unha das unidades dos centros educativos que solicitaron participar, agás naqueles que solicitaron un número inferior e dando resposta á súa demanda. Esta formulación permitiunos dar resposta a meirande parte das solicitudes formuladas e establecer un traballo continuado co alumnado que nos permitiu unha consecución dos obxectivos do programa.

Para esta nova quenda de realización dos obradoiros consensuáronse novamente datas e horarios cos Centros Educativos, e desenvolveuse do 10 de xaneiro ao 20 de xuño e iniciouse a súa posta en marcha.

**Seguiuse na liña de elaborar os materiais precisos para desenvolver os tres obradoiros temáticos previstos.**

**Presentación por parte da Concelleira da Muller aos medios de comunicación do xogo didáctico "*Planeta Igualdade*"** na súa versión impresa e interactiva. A esta presentación invitouse tamén a aqueles Centros Educativos cuxo alumnado contribuíu á realización deste xogo aportando debuxos que reflectisen situacións relacionadas coa Coeducación e coa Igualdade de Xénero. Podía tratarse de deseños nos que aparecen actividades físicas, lúdicas, profesionais; situacións da vida cotiá; rostros de mulleres destacadas ao longo da historia, etc, que axuden a romper os estereotipos, visibilizando o cambio de roles nas diferentes formas de ser home e muller.

## Camión con nós pola igualdade

Posteriormente aportouse este xogo a todos os Centros Educativos públicos e privados concertados de Vigo de: Educación Infantil, Primaria e Secundaria.

**Selección de diferentes agasallos** para recoñecer a participación do alumnado dos centros educativos na presente edición do programa. Este material foi remitido aos centros no mes de xuño.

**Revisión da Enquisa de Avaliación** empregada na I Edición do programa para adaptala á presente. Está dirixida ao profesorado titor das aulas participantes. **CONSULTAR ANEXO 4: Enquisa de avaliación 2006-2007.**

**Realización da memoria da II Edición do devandito programa.**

## 2.2. DATOS CUANTITATIVOS: CENTROS E ALUMNADO

A continuación preséntase a relación dos centros educativos e do alumnado que participou no programa:

### ■ CENTROS

Recibíronse un total de 32 solicitudes<sup>1</sup> que se clasificaron da seguinte forma:

**A.1. Relación de centros educativos dos que recibimos solicitude dentro de prazo e que participaron no programa<sup>2</sup>:**

- 1.- EEI Nogal
- 2.- EEI Hernán Cortés
- 3.- EEI Sta. Tegra
- 4.- CEIP Virxe do Rocío
- 5.- CEIP Alfonso Rodríguez Castelao
- 6.- CEIP Javier Sensat
- 7.- CEIP Otero Pedraio
- 8.- CEIP Sta. Mariña
- 9.- CEIP Vicente Risco
- 10.- CEP Sta. Tegra
- 11.- CEIP Fonte Escura
- 12.- CEIP Canicouva
- 13.- CEIP García Barbón
- 14.- CEIP A Dobrada
- 15.- CEIP Pombal

---

<sup>1</sup> Para coñecer a relación ao detalle das solicitudes recibidas consultar o **Anexo 2: Recepción de solicitudes.**

<sup>2</sup> Para coñecer a relación ao detalle dos centros (calendario, horarios, nº de obradoiros realizados, nº de alumnado, etc.) consultar o **Anexo 3: Ficha de recollida de datos estatísticos.**



## Camión con nós pola igualdade

- 16.- CEIP Mestres Goldar
- 17.- CEIP Valle Inclán
- 18.- CPI Celso Emilio Ferreiro
- 19.- CEIP Chans-Bembrive
- 20.- CEIP Mosteiro Bembrive
- 21.- CEIP Carrasqueira
- 22.- CEIP Balaídos
- 23.- CEIP A Paz
- 24.- CEIP Coutada Beade
- 25.- CEIP Escultor Acuña
- 26.- CEIP San Salvador de Teis
- 27.- EEI Cristo da Victoria
- 28.- CEIP Igrexa Candeán
- 29.- CEIP Sárdoma Moledo


Por outra banda, destacar que houbo 3 centros educativos que non puideron participar na II edición do programa ao recibir as súas solicitudes fóra de prazo.

É importante salientar que todos aqueles centros que participaron na I Edición do programa solicitaron facelo novamente nesta II. Finalmente, 3 centros (os sinalados no apartado A.2.) non puideron participar por remitirnos a inscrición fóra do prazo establecido.

Ademais o número de centros participantes incrementáronse considerablemente de 19 a 29, da I á II Edición, respectivamente.

### ■ ALUMNADO

Como se sinalou anteriormente, o programa desenvolveuse no 2º Ciclo de Educación Infantil (4º, 5º e 6º de Educación Infantil), en 1º e en 6º curso de Educación Primaria, e abrangue un total de 2.489 alumnas e alumnos que se distribúen da seguinte forma:



Fonte: Elaboración propia.

## Camión con nós pola igualdade


É importante destacar que en termos xerais se incrementou notablemente tamén o número de alumnado participante no programa. Na I Edición participou un alumnado total de 1.570 ( 1.300 de 2º Ciclo de Educación Infantil e 270 de 6º de Educación Primaria) mentres que na II 2.489.

Tendo en conta os datos da gráfica concluímos que foron as unidades de Educación Infantil as que maioritariamente solicitaron participar e finalmente participaron no programa. Valoramos moi positivamente este feito xa que é alentador tendo en conta a importancia de comezar a traballar a educación en igualdade de oportunidades e a coeducación entre nenas e nenos dende as primeiras idades.

Salientar que practicamente todos os Centros Educativos solicitaron a realización de obradoiros para todos os niveis educativos ofertados. Ademais a meirande parte do alumnado que participou na I Edición, voltou participar nesta segunda, agás no caso do alumnado de 6º de Educación Primaria por atoparse noutra etapa educativa.

Na seguinte figura nº 2, reflíctese o alumnado segundo o sexo. Nela podemos comprobar como a diferenza entre o número de alumnos e alumnas<sup>3</sup> participantes no programa é mínimo.

Fig. Nº 2




Fonte: Elaboración propia.

## ■ PROFESORADO

Na seguinte gráfica pódese apreciar como a docencia, especialmente nas idades temperás, segue a ser unha profesión feminizada. Cabe sinalar ademais que no caso do 2º Ciclo de Educación Infantil, esta situación agudízase máis existindo tan só un total de 3 mestres nesta etapa educativa.

<sup>3</sup> Os datos empregados para a realización deste gráfico foron tomados da primeira sesión dos obradoiros realizados para cada unidade na que se desenvolveu o programa, xa que o número de alumnado participante en cada un dos obradoiros oscilou levemente.


Fig. Nº3



Fonte: Elaboración propia.

A continuación danse a coñecer aqueles datos que permiten saber en que medida o profesorado estivo presente ou non durante a realización dos obradoiros (esta presenza, como explicaremos máis tarde no apartado de metodoloxía, era opcional). A meirande parte do profesorado optou por non estar presente nos obradoiros, tal e como se pode concluír a través da observación do seguinte gráfico:

Fig. Nº 4



Fonte: Elaboración propia.

Para consultar estes e outros datos estatísticos ir ao **ANEXO 3: Ficha de recollida de datos estatísticos.**

## 2.3. OBRADOIROS

### 2.3.1. 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL (3-5 ANOS) E 1º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA (6 ANOS)

#### A. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

O obxectivo principal indicado ao comezo desta memoria pódese separar en obxectivos específicos que, para facilitar o seu traballo, agrupamos en **conceptuais**, **procedimentais** e **actitudinais**:

##### □ *Obxectivos conceptuais*

- Identificar as diferencias entre un corpo de nena e de neno
- Saber os diferentes cambios que sofre o corpo humano de nenos e nenas no transcorrer dos anos.
- Familiarizarse con conceptos básicos relacionados coa coeducación, igualdade,...
- Identificar as actividades (laborais, lúdicas, deportivas,...) que desenvolven as persoas adultas e o grupo de iguais independentemente dun ou doutro sexo.
- Recoñecer a importancia da achega das mulleres ao longo da historia.
- Coñecer o traballo cooperativo.

##### □ *Obxectivos procedimentais*

- Saber expresar e recoñecer sentimentos e gustos
- Reflexionar sobre as nosas capacidades e as de cada persoa
- Procurar buscar solucións positivas ás dinámicas propias da convivencia
- Evitar causar dano
- Acadar un autoconceito positivo, autoestima
- Amosar unha actitude participativa
- Ser capaz de acadar unha convivencia positiva
- Explicitar unha actitude de solidariedade cos seus iguais

##### □ *Obxectivos actitudinais*

- Valorar o propio corpo
- Aceptar que cada persoa é diferente e individual
- Saber valorar de forma positiva as diferenzas entre nenos e nenas
- Desenvolver a capacidade de empatía
- Valorar as diferentes formas de expresar a masculinidade e a feminidade
- Rexeitir roles de xénero preestablecidos.
- Amosar curiosidade para practicar diferentes actividades (escolares, lúdicas, deportivas) independentemente do sexo.
- Afrontar con naturalidade temas como a nosa orixe ou as relacións afectivo-sexuais.
- Gozar dos intercambios afectivos
- Dotar de importancia o feito de relacionarse coas persoas (persoas adultas e grupo de iguais) de sexo masculino e feminino.
- Aceptar e respectar a variedade de posibilidades existentes á hora de constituír parellas, familias, etc.
- Interesarse polo traballo en grupo e os xogos en equipo.
- Aceptar as diferentes opinións.

## B. OBRADOIROS DENSENVOLVIDOS

No 2º Ciclo de Educación Infantil leváronse a cabo dous tipos diferentes de obradoiros:

- *Dirixidos a aquel alumnado que xa participou no programa na edición pasada.*
- *Dirixidos a aquel alumnado que participou por primeira vez no programa.*

Nesta etapa educativa os obradoiros tiñan unha duración de aproximadamente 55 minutos, esta decisión tomouse tendo en conta que o alumnado desta etapa educativa necesita de clases moi dinámicas, con xogos moi variados de curta duración, dado que o seu tempo de concentración nunha mesma actividade é moi curto. Realizáronse en horario extraescolar.

Con motivo da realización do primeiro dos obradoiros, as Pedagogas aproveitaron esta ocasión para presentarse ao alumnado, presentar tamén o programa e explicar o tipo de actividades que ían desenvolver de forma moi sinxela e amena debido á súa idade. Este tamén foi un bo momento para entrar en contacto co profesorado e poder solventar preguntas e dúbidas respecto do desenvolvemento do programa.

Para favorecer un trato máis personalizado entre o profesorado, o alumnado e as pedagogas, estas últimas ao comezo de todos os obradoiros, colocábanse unha pegatina adhesiva co seu nome e de diferente cor en cada un dos 4 obradoiros (amarela, azul, verde e vermella), e posteriormente realizaban unha pequena dinámica na que tamén se lle colocaba a cada alumna/o unha pegatina da mesma cor co seu nome. Deste xeito favorecíase o poder chamar a cada persoa polo seu nome e crear un clima máis distendido.

### OBRADOIROS:

#### DIRIXIDO A AQUEL ALUMNADO QUE PARTICIPABA POR 1ª VEZ NO PROGRAMA:

##### ΞΨ COÑEZO O MEU CORPO

O obxectivo principal deste obradoiro era que tanto nenas como nenos se familiarizasen co seu propio corpo e interiorizasen as partes que o compoñen eliminando posibles estereotipos e tabús existentes ao respecto.

##### Actividades:

"A miña cor favorita é..."

"Somos nenos e nenas verdes"

"O meu xoguete favorito é..."

"Imos ducharnos"

"Este é o meu corpo"

Contos: "Cada cuerpo es especial" e "Parella guai. Os contos da rata Luisa".

## Camión con nós pola igualdade

### Ξ Ψ IGUALMENTE DIFERENTES

Neste obradoiro traballouse a expresión de sentimentos, afectos e gustos tratando de eliminar estereotipos de xénero dende un punto de vista coeducativo.

#### Actividades:

"O meu xoguete favorito é..."

"A pelota das cores"

"O abrazo musical"

"A caixa máxica de Eva e Lucas "

"Puzzle disfrazámonos de oficios"

"Xogo de naipes Vivimos en Igualdade"

Conto: "Unha mancha de bicos"

### Ξ Ψ COÑECENDO A MULLERES QUE FAN HISTORIA

A finalidade deste obradoiro foi que o alumnado coñecera a historia de mulleres do pasado e do presente que son representativas da incorporación da muller á diferentes ámbitos profesionais tradicionalmente masculinizados.

#### Actividades:

"O lavacoches"

"O dado máxico"

Conto: "Sofía la vaca que amaba la música"

## DIRIXIDO A AQUEL ALUMNADO QUE PARTICIPABA NO PROGRAMA POR SEGUNDA VEZ:

### Ξ Ψ MALETA DA IGUALDADE

O obxectivo principal deste obradoiro foi comprobar se nenas e nenos recoñecían o seu propio corpo. Outro aspecto foi que identificasen as diferenzas entre o corpo de ambos sexos, así como tamén os cambios que este sofre no transcorrer dos anos en nenos e nenas, eliminando así posibles estereotipos e tabús existentes ao respecto. Ao mesmo tempo, dar a coñecer diferentes formas de ser home e de ser muller aprofundando e visibilizando os diferentes gustos do alumnado.

#### Actividades:

"Vexo, vexo"

"Imos de aniversario"

"Disfrazámonos para a festa de aniversario"

Conto: "Once damas atrevidas"

## Camión con nós pola igualdade

### ☸ CONVIVINDO EN IGUALDADE

A finalidade deste obradoiro foi romper cos posibles roles e estereotipos existentes no alumnado respecto ás tarefas que se realizan no fogar e o papel que desempeña cada integrante nel, facendo fincapé na necesidade da corresponsabilidade para que todas as persoas da familia poidan acadar unha maior calidade de vida dispoñendo de tempo para: traballar, descansar, divertirse, formarse, relacionarse...

#### Actividades:

"Móvete ao son de..."

"A lavadora"

Conto: "Os bolechas van en caravana"

### ☸ PLANETA IGUALDADE

Con este obradoiro pretendeuse avaliar o grao de interiorización dos contidos desenvolvidos nos diversos obradoiros levados a cabo na 1ª e 2ª edición do programa "Camión con nós pola igualdade".

#### Actividades:

"Comparte +"

Monicreques: "A viaxe de Igualantía. Planeta Terra"

"Somos mecánicas e mecánicos: Arranxando a nave de Igualantía"

"Piloto a miña nave da igualdade"

## 2.3.2. 6º EDUCACIÓN PRIMARIA (11-12 ANOS)

### A. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

No caso de **6º de Educación Primaria**, a partir do obxectivo xeral do programa, despréndense os seguintes obxectivos específicos agrupados en **conceptuais**, **procedimentais** e **actitudinais**:

#### ☐ Obxectivos conceptuais:

- Fomentar que os nenos poidan aprender moitas cousas das nenas e viceversa.
- Recoñecer que o valor dos/as nenos/as non radica na súa forza física ni no seu poder.
- Familiarizarse con conceptos básicos relacionados coa coeducación, a igualdade de oportunidades, o respecto, a convivencia,...
- Identificar as actividades (laborais, lúdicas, deportivas,...) que desenvolven as persoas adultas e o grupo de iguais independentemente dun ou doutro sexo.
- Saber da existencia de modelos de vida saudables alternativos aos impostos polos estereotipos de xénero, a publicidade, o consumismo...
- Recoñecer a importancia da achega das mulleres ao longo da historia.
- Fomentar a comprensión de que querer significa ganas de comunicarse, entenderse, facer cousas conxuntamente, aceptar que o outro ou a outra teña o seu propio espazo, vontade de abrir e resolver conflitos.
- Recoñecer que a sexualidade (aloumiños, bicos, apertas,...) é unha forma de expresar os afectos.
- Comprender que sobreprotexer a outra persoa non é querer, é unha forma de dominar.

## Camión con nós pola igualdade

- Comprender que “estar ao servizo” doutra persoa non é querer, é unha forma de anularse como persoa.
- Saber que se alguén nos obriga a facer algo co noso corpo que non nos gusta, aínda que se trate de alguén moi querido ou aínda que nos ameace se o contamos, débese contar a unha persoa adulta de confianza.
- Amosar curiosidade e aceptación polos cambios sufridos e por sufrir no propio corpo.
- Saber que o corpo comeza a cambiar segundo a idade.
- Saber que unha nena non é máis valiosa por facer as mesmas cousas que un neno.
- Coñecer o traballo cooperativo.

### □ **Obxectivos procedimentais:**

- Estimular o desenvolvemento de: identidade propia, coñecemento e aceptación do propio corpo para acadar un autoconceito positivo.
- Amosar curiosidade polas diferenzas sexuais entre nenos e nenas.
- Recoñecer e expresar sentimentos, desexos, afectos...
- Acadar un autoconceito positivo, a estima.
- Reflexionar sobre as nosas capacidades e as de cada persoa.
- Reflexionar e concienciarse das diferentes esixencias que a sociedade realiza estereotipadamente a nenos ou nenas.
- Evitar que existan temas tabú relacionados coa sexualidade, relacións afectivas, a identidade, os roles de xénero,... para acadar unha mellora na comunicación.
- Poñer en marcha mecanismos da toma de decisións que non estean sesgados por cuestións de xénero.
- Fomentar que os gustos de nenos e nenas á hora de relacionarse e de realizar actividades non veña definida por estereotipos de xénero (que non haxa actividades que as nenas fan só con outras nenas, e actividades que os nenos fan só con outros nenos).
- Reflexionar e amosar unha actitude crítica ante a situación da muller na sociedade.
- Interesarse polos logros e achegas das mulleres individual e colectivamente evitando unha valoración desigual de mulleres e homes.
- Investigar e coñecer mulleres e homes da historia que destacaran polo seu pacifismo e o seu traballo en prol dos dereitos da muller.
- Interese por construír relacións baseadas na comunicación e o intercambio.
- Ser capaz de acadar unha convivencia positiva.
- Fomentar e exercitar a empatía.
- Evitar causar dano a outras persoas.
- Explicitar unha actitude de solidariedade cos/as seus/súas iguais.
- Amosar una actitude de escoita activa.
- Amosar unha actitude participativa

### □ **Obxectivos actitudinais:**

- Recoñecer a igualdade de dereitos e oportunidades como un valor fundamental, para acadar unha sociedade xusta.
- Valorar as diferentes formas de expresar a masculinidade e a feminidade
- Cuestionar roles de xénero preestablecidos na sociedade.
- Amosar curiosidade para practicar diferentes actividades (escolares, lúdicas, deportivas, laborais,...) independentemente do sexo.
- Afrontar con naturalidade temas como a nosa orixe ou as relacións afectivo-sexuais.
- Gozar dos intercambios afectivos, tanto a través do contacto físico como da expresión oral.
- Estimular o contacto corporal positivo.
- Dotar de importancia o feito de relacionarse coas persoas (persoas adultas e grupo de iguais) de sexo masculino e feminino.
- Interesarse por relacionarse coas persoas que teñen outro sexo e aprender delas.
- Respetar e valorar a variedade de posibilidades existentes á hora de constituír parellas, familias, etc. e cun espírito crítico ante modelos de parellas que non responden á realidade da nosa sociedade.
- Aceptar as diferentes opinións: estimular o seu intercambio, favorecer diferentes interpretacións sobre un mesmo tema, contrastar posibles equívocos na comunicación,...
- Interesarse por aprender das diferenzas que existen entre as persoas para enriquecerse e desenvolverse.



## Camión con nós pola igualdade

- Recoñecer e valorar ás persoas polo que son en si mesmas, máis aló do seu sexo, cultura, situación económica, imaxe...
- Interese polo intercambio afectivo, xa sexa a través do contacto físico como da expresión oral.
- Rexeitar a violencia como forma de relacionarse, valorarse e resolver conflitos.
- Rexeitar caricias, bicos ou apertas que non supoñían a expresión de afecto.
- Saber expresar mostras de afecto (caricias, bicos ou apertas) sabendo rexeitar aquelas que nos poidan molestar.
- Rexeitar caricias, bicos ou apertas que supoñan ir "máis aló" do propio desexo ou do que unha ou un está preparado.
- Amosar interese por aprender das mulleres.
- Recoñecer o traballo das mulleres.
- Coñecer e valorar a achega das mulleres á nosa sociedade. Valorar o propio corpo.
- Interesarse por afondar no coñecemento do propio corpo e o do outro sexo.
- Interesarse polo traballo en grupo e os xogos en equipo.

## B. OBRADOIROS DESENVOLVIDOS

Con motivo da realización do primeiro dos obradoiros, as Pedagogas aproveitaron esta ocasión para dar a coñecer a existencia da Oficina da Muller, a súa situación e as funcións, servizos e programas que xestiona.

Tamén se presentaron, os obxectivos do programa, o tipo de actividades que se ían desenvolver, a duración, as pedagogas e a súa formación, etc. e tentábase resolver aquelas dúbidas que tanto o alumnado como o profesorado puidese ter ao respecto, todo isto co fin de crear un clima distendido e positivo.

Para favorecer un trato máis personalizado entre o profesorado, o alumnado e as pedagogas, estas últimas ao comezo do obradoiro, colocábanse unha pegatina adhesiva co seu nome, e posteriormente realizaban unha pequena dinámica na que tamén se lle colocaba a cada alumna/o unha pegatina da mesma cor co seu nome. Deste xeito favorecíase o poder chamar a cada persoa polo seu nome favorecendo un trato personalizado.

A duración dos obradoiros en 6º de Educación Primaria foi de, aproximadamente, **90 minutos**. Esta decisión ven motivada polo feito de que nesta etapa educativa era preciso máis tempo para dar lugar a: coloquio, debate, reflexión e diálogo durante o obradoiro.

### OBRADOIROS:

#### **EΨ IGUALMENTE DIFERENTES**

Neste obradoiro tentouse traballar en torno á: familiarización con conceptos básicos relacionados coa coeducación, igualdade de oportunidades, o feminismo, a non violencia sobre as mulleres, a convivencia, o respecto,...; expresión de sentimentos, afectos e gustos tratando de eliminar estereotipos de xénero dende un punto de vista coeducativo; evitar que existan temas tabú relacionados coa sexualidade, relacións afectivas, a identidade, os roles de xénero,... para acadar unha mellora na comunicación; fomentar a curiosidade pola práctica de diferentes actividades (escolares, lúdicas, deportivas, laborais,...) independentemente do sexo, evitando actividades nas que só participen nenas con nenas e

## Camión con nós pola igualdade

nenos con nenos e á vez visibilizar a presenza das mulleres en diferentes ámbitos tradicionalmente masculinizados.

### Actividades:

"A arañeira"

"Somos detectives"

"Adiviña que fago: mímica"

"DVD: Mujeres de hoy: deporte", "VÍDEO: Elije tu deporte"

"Sopa de letras: deportes"

"Dosier de prensa": noticias de mulleres exercendo profesións ou deportes "tradicionalmente masculinizadas".

## ΕΨ COÑEZO O MEU CORPO

Neste obradoiro traballáronse diferentes aspectos como: estimular o desenvolvemento de identidade propia, coñecemento e aceptación do propio corpo para acadar un autoconceito positivo; explicitar e valorar as diferentes formas de ser home e muller, respectándoas e eliminando posibles estereotipos existentes ao respecto; reflexionar e concienciarse das diferentes esixencias que a sociedade realiza estereotipadamente a mulleres e homes, facendo fincapé na influencia dos medios de comunicación ao respecto e saber da existencia de modelos de vida saudables alternativos aos impostos polos estereotipos de xénero, a publicidade e o consumismo...

### Actividades:

"Vou de viaxe"

"Pensar o noso corpo"

"A/o mensaxeira/o"

"Analizamos a imaxe de mulleres e homes nos medios de comunicación"

"A música coa Igualdade": *Ella*. Pa' fuera telarañas. Bebe 2005.

"Eu son eu". Poema.

## ΕΨ COÑECENDO A MULLERES QUE FAN HISTORIA

A finalidade deste obradoiro foi que o alumnado coñecese e valorase a achega das mulleres á nosa sociedade ao longo da historia (do pasado e do presente), que son representativas da reivindicación dos dereitos e incorporación da muller á diferentes ámbitos tradicionalmente masculinizados. Esta actividade realizouse a través da busca na rede, metodoloxía que lle resulta moi cercana á mocidade.

### Actividades:

"Quen é...? Busca na rede".

"Constrúe a historia tamén con mulleres"

"Traballando a igualdade dende a música": Recompilación musical".

"En grupo construímos igualdade"

## 2.4. METODOLOXÍA

O desenvolvemento dos obradoiros realizouse dende unha perspectiva de igualdade de xénero e coeducación. Concretouse nunha metodoloxía lúdica, activa, dinámica, comunicativa, de observación participante, e flexible atendendo ás necesidades individuais de cada alumna/o por parte das Pedagogas.

Con esta metodoloxía tentouse: espertar a creatividade, a participación e a cooperación, propiciar a escoita activa e a interacción entre nenas e nenos e á súa vez coas pedagogas, e fomentar unha actitude crítica e introspectiva (especialmente no alumnado de 6º de primaria),...

Esta metodoloxía pretende ser unha achega da igualdade de xénero e da coeducación tanto para o profesorado como para o alumnado visibilizando a necesidade dun traballo continuado a prol desta temática.

## 2.5. RECURSOS

Os recursos que apoiaron o desenvolvemento dos anteriores obradoiros foron aportados pola Oficina da Muller, agás no caso de material non funxible tal como televisor, ordenador e conexión a internet, reprodutor de vídeo ou DVD e reprodutor de música postos a disposición por cada un dos centros.

Empregáronse materiais didácticos moi diversos, que resultasen atraíntes para o alumnado, que evitasen caer na rutina e que estivesen adaptados ás súas idades. A meirande parte destes materiais foron realizados polas Pedagogas do programa e outros eran materiais editados por organismos institucionais ou publicacións especializadas.

### 3. AVALIACIÓN

Neste apartado danse a coñecer dous tipos de avaliación dos obradoiros desenvolvidos: unha primeira, interna, realizada polas Pedagogas do programa, e unha segunda, externa, realizada por unha parte do profesorado daquelas unidades que participaron no programa.

Para que esta avaliación resulte útil e representativa do desenvolvemento dos diferentes obradoiros realizados, destácanse aqueles datos que consideramos que poden ser máis significativos e que poden contribuír á mellora deste programa.

#### 3.1. AVALIACIÓN DOS OBRADOIROS REALIZADA POLAS PEDAGOGAS

A continuación preséntase unha avaliación dos diferentes obradoiros desenvolvidos polas Pedagogas. Esta avaliación baséase na recollida de datos realizada a través da observación diaria e sistemática durante a realización das actividades.

##### 3.1.1. OBRADOIROS PARA ALUMNADO DO 2º CICLO DE INFANTIL E 1º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA<sup>4</sup>

###### A. ALUMNADO QUE PARTICIPOU POR PRIMEIRA VEZ NO PROGRAMA

###### COÑEZO O MEU CORPO

Este obradoiro centrouse no traballo en prol da non estereotipación de cores, corpo e tarefas domésticas, despois da súa realización chegamos ás seguintes conclusións:

*O gusto polas cores:*

De forma xeral, estas seguen a estar estereotipadas por razón de xénero, e semella que seguen a existir cores de "nenos" e cores de "nenas".

Por sexos, quizais existe una maior estereotipación no caso das nenas, que seguen a elixir maioritariamente a cor rosa como cor preferida, pola súa banda os nenos ofrecen unha maior diversidade de cores, aínda que resulta representativo que tan só seis nenos de entre todo o alumnado participante neste obradoiro sinala o rosa como a súa cor favorita, reflectir tamén que nos atopamos nove nenos que elixen o violeta coma cor favorita. O extremo o atopamos nun neno que non só nos dí que non lle gusta senón que ademais lle da asco, en contrapartida outro nos indica que "*antes a cor rosa non me gustaba pero agora xa me vai gustando*".

Como aspecto positivo é importante sinalar que observamos tamén que nunha parte bastante interesante das aulas nas que desenvolvemos o programa, existen nenas e nenos que elixen unha gran diversidade de cores e que estas non resultan estereotipadas en canto ao xénero ou nos enumeran exemplos de familiares ou persoas

---

<sup>4</sup> De aquí en diante EI, 1º EP

## Camión con nós pola igualdade

que coñecen que empregan indistintamente as cores en aspectos cotiás: roupa, debuxos, obxectos,...

*Concepción do corpo*, observamos que:

- A un número importante do alumnado (especialmente no caso dos nenos) lle provoca, risa, vergoña,... o feito de nomear os xenitais.

- Unha ampla maioría reconece os seus xenitais pero os nomea con nomes estereotipados (tanto nenas como nenos: colita, pito, hucha, parrochita, pirola, pirolita, pachocha, rajita, pón-pon, pipí,... e incluso coñecen os nomes reais pero empregan os anteriores) e que conducen á concepción de tabú e/ou como algo noxento destes, moi minoritario é o emprego dos substantivos vulva e pene. Este feito resulta significativo porque nas propias aulas existe material onde se utilizan estes substantivos e fumos coñecedoras que boa parte do profesorado tamén traballa neste senso.

- Posúen unha concepción tamén estereotipada respecto ás formas de ser home e de ser muller xa que maioritariamente asocian os corpos con pelo longo ou pendentes a ser muller exclusivamente, e aqueles con pelo curto a ser home, pese a que incluso no propio centro escolar ou na propia aula hai persoas que non responden a esta asociación. Pese a todo é importante destacar que hai alumnado que explica á compañeiros/as exemplos doutras formas de ser home ou ser muller e este feito enriquece e facilita moito o noso traballo.

*Tarefas domésticas:*

Segue a predominar unha repartición desigual entre homes e mulleres daquelas tarefas que se desenvolven no ámbito doméstico, e o peso delas recae xeralmente na muller (nai) ou por extensión tamén en avoas e máis minoritariamente irmás maiores e coidadoras infantís.

Onde máis avance se observa é na realización da compra e da comida, sendo a limpeza e o coidado da roupa as máis feminizadas.

Non hai que deixar de mencionar que existe un número importante de aulas nas que existe diversidade, é dicir nos fogares dunha parte do alumnado reproducense situacións desiguais e noutra non, e existe tamén de xeito máis reducidas aulas nas que a familia do alumnado responsabilízase por igual das tarefas necesarias.

## **IGUALMENTE DIFERENTES**

Neste obradoiro o traballo centrouse na *expresión de afectos e sentimentos* co seu grupo de iguais e coa familia, e as súas *concepcións e preferenzas en relación aos xoguetes*.

*Afectos e sentimentos:*

Observamos que en termos xerais o alumnado participa ben e de xeito moi natural das actividades nas que hai que expresar apertadas, abrazos ou bicos, pero existe unha parte significativa deste (moi especialmente os nenos) que amosa rexeitamento non por unha cuestión de timidez senón por rexeitar interactuar cos seus iguais deste xeito. Esta situación agudízase máis cando os nenos teñen que expresar os sentimentos entre si, e mesmo aproveitan a situación para exercer condutas non acordes con ela:

## Camión con nós pola igualdade

exercer forza, pegarse, tirarse ao chan , correr..., situacións que moi raramente acontecen no caso das nenas.

### *Xoguetes:*

Valoramos que existe unha tendencia a elixir xoguetes que non entran en conflito cos roles sociais tradicionalmente asignados a homes e a mulleres:

- As chicas elixen maioritariamente: bonecas, fadas, sereas, maletín de maquillaxe, castelos de princesas, disfraces de princesas, ponis de princesas, os peluches, cociniñas, etc. Nalgunha ocasión moi puntualmente as nenas sinalaron: balón, moto de carreira, camiión, coche, construcións, patinete, un león de xoguete,...

- Os chicos elixen maioritariamente: coches, camiións, coche de Fernando Alonso, construcións, pistolas, espadas, disfraz de spiderman e supermán, balóns, scalestrix, etc. Moi ocasionalmente os nenos dixeron: fada, tenda-mercado, boneca, castelo de princesa, osiño contacontos, pizarra, cociniña,...

Ao principio de comezar a traballar este tema, observamos que existen unha asociación por xénero dos xoguetes, ou ben polo tipo ou pola cor do xoguete ("xoguetes de chica" e "xoguetes de chico") . Nun segundo momento e tras unha pequena conversa en asemblea, parte do alumnado cambiou a súa percepción inicial, considerando así que non hai "xoguetes de chicas" e "xoguetes de chicos", que cada persoa pode xogar co xoguete que lle guste, independentemente do seu sexo.

## **COÑECENDO A MULLERES QUE FAN HISTORIA**

Na meirande parte das ocasións a comprensión das historias de mulleres que se lles contaba era boa.

As historias de mulleres que máis gustaron e captaron a atención do alumnado foron: Maruja Mallo (Pintora), Chus Lago (Alpinista), Susana Seivane (Gaiteira) e Valentina Tereshkova (Astronauta). Este feito é positivo porque a maior parte destas profesións rompen cos estereotipos de xénero.

En termos xerais as historias de mulleres que lles contamos así como ás súas protagonistas non as coñecían e só en ocasións moi excepcionais, algunha persoa da clase coñecía a algunha das mulleres das que se lles estaba falando, en concreto a María Teresa Fernández de la Vega (Vicepresidenta do Goberno).

No momento en que se lles presentaban as fotos das mulleres pegadas nas caras do dado, existiron persoas que directamente as identificaban como chicos, e sobre todo a Chus Lago (Alpinista) e a Valentina Tereshkova (Astronauta).

Valoraban de forma positiva o feito de que a protagonista do conto fose unha muller ( a vaca Sofía) con iniciativa e segura da súa valía profesional como música.

## B. ALUMNADO QUE PARTICIPOU NO PROGRAMA POR SEGUNDA VEZ

### MALETA DA IGUALDADE

Este obradoiro centrouse no traballo do uso das cores, os disfraces e a roupa, os xoguetes e a visibilización de mulleres como protagonistas.

#### *As cores:*

A avaliación deste obradoiro resulta alentadora e positiva, en termos xerais segue a predominar un uso e valoración das cores nas prendas de vestir estereotipada en función do xénero. Pero observamos que nunha parte moi importante das aulas, cando menos a metade do alumnado, rexeita esta asignación por xénero e mesmo é quen de explicarlle, e ás veces incluso "convencer", ao alumnado restante que todas as persoas poden usar todas as cores na súa vestimenta segundo o prefiran, e que non existen unhas cores para nenos e outras cores para nenas, que iso é algo que xa aprenderon o curso pasado. Ademais existe tamén un número reducido de aulas nas que non existe uso sesgado algún da roupa e lembran perfectamente todo o traballado na pasada edición do programa respecto ao uso das cores.

Salientar tamén que aquel alumnado que nun primeiro momento asigna unha cor para os nenos e outras para as nenas, unha vez que repasamos brevemente o traballado na pasada edición o acepta moi ben e o fai propio.

Outros aspectos a destacar en sentido positivo é o feito de que algúns nenos nos dixesen que a súa cor favorita era o rosa, en concreto cinco, e outros incluso tiñan algunha prenda de vestir (xersei, chaleco, camiseta,...) e calzado (tenis, botas, sandalias,...) desta mesma cor.

A pesares desta situación alentadora, cremos que aínda queda moito por facer para erradicar frases como as seguintes que tamén se produciron: "*O meu pai me dixo que os nenos que levan rosa son mariquitas e se convirten en chica, eu nunca vou levar a cor rosa*", "*As sandalias rosas son de chica, de princesa*", "*o meu irmán lle di a todo o colexio que os nenos non poden levar a cor rosa*".

Entroncando con todo o anterior traballouse o *uso dos disfraces*, resultou moi positivo comprobar que a maioría do alumnado valoraba que todos os disfraces podían ser escollidos segundo os seus gustos, independentemente de que fosen nenos ou nenas. Aínda que hai que destacar que nunha parte das aulas existía diversidade á hora de valorar este aspecto, e unha vez máis foi o propio alumnado o que favorecía un cambio de opinión daquel alumnado que consideraba que non todos os disfraces podían ser empregados tanto por nenas como por nenos. E ademais unha parte moi minoritaria das clases observaba practicamente na súa totalidade, os disfraces de xeito estereotipado, isto sucedía principalmente co disfraz de princesa, e en menor medida co de spiderman, por ser aqueles que entran máis en conflito cos roles tradicionalmente asignados a nenos e nenas.

## Camión con nós pola igualdade

Salientar que unha vez retomados aspectos traballados na pasada edición e ampliados na presente, en xeral o alumnado, acepta ben que cada persoa poida elixir o disfraz que máis lle guste sen importar se é neno ou nena.

Outro dos aspectos a comentar é que a maioría do alumnado nomea sempre os disfraces en masculino xenérico, polo que facemos fincapé en visibilizar o emprego do masculino e feminino á hora de nomear os disfraces.

Respecto ao *tratamento do corpo* observamos que practicamente na súa totalidade, nenos e nenas, teñen unha concepción tradicional do mesmo, xa que identifican a unha persoa con pelo longo como chica e a unha persoa con pelo curto como chico. Ademais deste aspecto sinalar que existe diversidade á hora de lembrar os nomes dos xenitais (vulva e pene) traballados na primeira edición do programa.

Por último, *respecto aos xoguetes*, indicar que a pesares de que segue existindo na maior parte das aulas unha elección estereotipada dos xoguetes (por exemplo todavía atopamos nenos aos que lles causa risa o feito de que a un neno lle regalen bonecas, colares, osiños de peluche...), existe tamén un número importante que considera que todos os xoguetes poden ser empregados indistintamente por nenas e/ou nenos (por exemplo diferentes nenos e nenas indican que lles regalarían a nenas traxes de superheroes, camións, coches, scalestrix,..) e ademais unha vez retomados os conceptos e ideas expostos no curso anterior a maioría do alumnado súmase a esta concepción igualitaria dos xoguetes.

## CONVIVINDO EN IGUALDADE

Este obradoiro centrouse no *autococepto do corpo* do alumnado e en habilidades motrices, na *corresponsabilidade*, na *visibilización das diferentes formas de ser home e de ser muller* en canto ao seu aspecto físico e ás accións que poden desenvolver.

Comezando polo autoconcepción e imaxe que teñen de si podemos dicir que se a maioría do alumnado recoñece os seus xenitais e a meirande parte deste emprega os substantivos vulva e pene para nomealos, sendo minoritario aquel alumnado que utiliza outros termos para identificar esta parte do corpo, así como tamén nos atopamos con nenos e nenas que aínda manteñen unha idea de tabú e vergoña cara aos termos vulva e pene, e mesmo os consideran "guarradas".

Á hora de traballar o corpo e as posibilidades de movemento deste a través da música, observamos que en termos xerais aos nenos lles segue a custar máis desinhibirse, a mobilidade e desenvolvemento do sentido do ritmo.

**A corresponsabilidade:** Atopámonos cunha situación desalentadora xa que na meirande parte das aulas predomina un uso feminizado (xa sexa as propias nais, ou ben por extensión avoas e coidadoras) das tarefas relacionadas co uso da lavadora en canto a recoller a roupa sucia, poñela na lavadora, estendela, recollela, cosela, pasarlle o ferro, gardala... ("*papá no pone la lavadora porque se aburre*"), pola contra en canto á reparación deste electrodoméstico acontece o contrario xa que xeralmente está



## Camión con nós pola igualdade

masculinizado, sendo o pai ou técnico o que se ocupa desta tarefa (*"a lavadora a arranxa só papá"*).

En sentido positivo, indicar que existe unha minoría que indica que na súa casa existe un reparto equitativo destas tarefas, e outra parte importante que se ben describe unha situación desigualitaria no seu contorno, recoñece que esta non é unha situación xusta nin correcta: *"Yo ya le dije a mi padre que tenía que usar la lavadora"*.

Respecto á *visibilización de diferente formas de ser home e de ser muller* atopámonos cunha visión tradicional e estereotipada en diferentes niveis: en canto á aparencia física (asocian ao feito de ser unha chica: pelo longo, beizos colorados, fazulas, uso de diademas, pendentes, roupa e calzado de cor rosa ou con corazóns,... e ao feito de ser chico: pelo curto, uso de roupa deportiva, protector de codos, xeonlleiras, cascos,...) e en canto á actividade que desenvolven (asocian a unha chica actividades como: profesora, e asocian a un chico actividades como: judo, skate, fútbol, esqui, conducir camiións -por exemplo, *"as chicas non poden conducir camiións ou autobuses"*- ). Destacar que á hora identificar como chico ou chica as imaxes presentadas, prevalecía o aspecto físico sobre as actividades que se desenvolvían.

Ademais, á hora de nomear as actividades (profesións, deportes, ocupacións,...) sempre empregan o masculino xenérico e só empregan o feminino cando directamente se lles pregunta cal sería o feminino das accións.

Ante esta situación foi necesario traballar en grupo, debatendo, argumentando e empregando numerosos exemplos da vida cotiá, para evidenciar que existe unha gran diversidade de homes e de mulleres, e que poden realizar multitude de actividades. Para esta tarefa resultaron de gran axuda os exemplos que o alumnado nos aportou da súa vida cotiá: *"eu de maior quero facer experimentos"*, *"o meu pai ten unha saia rosa con corazóns"*, *"a miña nai e o meu pai comparten algunha roupa"*,...

## PLANETA IGUALDADE

Neste obradoiro traballouse en prol da non elección estereotipada das cores, xoguetes, profesións e deportes, e da visibilización de mulleres en eidos tradicionalmente masculinizados.

En contraposición ao obradoiro anterior, CONVIVINDO EN IGUALDADE, podemos dicir que notamos un avance positivo xa que practicamente a totalidade do alumnado considera que cores, profesións, xoguetes, deportes,... poden ser empregados por *"todo o mundo"* indistintamente do feito de ser nena ou neno: *"A madriña da miña irmá e bombeira"*, *"Nas carreiras de Fórmula 1 hai chicas"*, *"Eu non vin chicas bombeiras pero sei que as hai"*. Non por isto hai que deixar de mencionar que hai alumnado, maioritariamente nenos que evidencian que hai que seguir traballando: *"As chicas non poden ser bombeiras"*, *"As chicas non poden conducir en coches de carreiras porque se caen e rompen a cabeza, os chicos controlan máis"*, *"Non hai mulleres mecánicas, e non hai mulleres bombeiras"*, *"As chicas non poden xogar cas pelotas"*, *"Quen arranxa os coches son os homes"*, *"Eu nunca vin mulleres bombeiras"*,...

Ao igual que noutros obradoiros, resultou moi positivo presentar a unha chica como protagonista, neste caso dun monicreques.

### 3.1.2. OBRADOIROS PARA ALUMNADO DE 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA <sup>5</sup>

#### IGUALMENTE DIFERENTES

O primeiro dos aspectos traballados foi a presentación da Oficina da Muller, as súas funcións así como os recursos e programas que desenvolve entre os que se atopa o programa "Camión con nós pola igualdade" encamiñado a conquistar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e a prevención da violencia machista a través da coeducación. Observamos o descoñecemento maioritario deste servizo e o significado de conceptos básicos como: coeducación, igualdade, feminismo, machismo, hembrismo...

Neste obradoiro algúns aspectos que principalmente se traballaron foron as preferencias e gustos do alumnado en canto a: cores, profesións, deportes e xoguetes para comprobar se existen ou non diferencias segundo o sexo.

A elección que o alumnado fixo da súa cor favorita non foi estereotipada, aínda que observamos que se ben as chicas elixen calquera cor (incluso nos atopamos con aulas nas que ningunha rapaza escolleu a cor rosa), os chicos non incorporan aquelas cores que socialmente se identifican "de chica" como é o caso da cor rosa, lila, fucsia, dourado, prateado, cuxa elección foi moi excepcional.

A pesares de que foron moitos os casos nos que alumnas e alumnos argumentaron que "as cores son de todo o mundo" independentemente do seu sexo, cando se lles presentaba a posibilidade de que algún compañeiro vistise de rosa, as reaccións maioritariamente, eran de risas o que nos fixo pensar que realmente non está de todo superado o feito de que o rosa poida utilizarse indistintamente por chicos e chicas.

No caso dos xoguetes, xogos ou afeccións non existe unha clara elección estereotipada, existe bastante diversidade, unha tendencia polas novas tecnoloxías ( psp, play station, mp3, mp4, dvd, portátiles, cámaras dixitais, televisión...) aínda que hai que destacar que algunhas afeccións como pasear, escoitar música, bailar, ler... eran elixidas na súa maioría por rapazas.

No referente ás profesións elixidas indicar que estas son as que a sociedade define como axeitadas para cada sexo e que reproducen estereotipos de xénero:

Os rapaces decantábanse por aquelas profesións relacionadas co éxito social e/ou rápido: futbolista (moi significativamente), xogador profesional, piloto, policía, militar, veterinario, bombeiro, piloto de coches e moto... Algunhas excepcións que rompen cos estereotipos foron: patinador profesional, e oficinista.

---

<sup>5</sup> De aquí en diante 6º EP.

## Camión con nós pola igualdade

As profesións elixidas polas rapazas foron aquelas relacionadas co coidado de si ou ben co coidado e axuda a outras persoas: deseñadora de moda, profesora, secretaria, médica, veterinaria, avogada, ciruxía, bióloga... neste caso algunhas excepcións foron: futbolista, arquitecta e arqueóloga.

En canto aos deportes destacar que segue predominando unha elección sesgada, os rapaces decántanse maioritariamente polo fútbol e existe unha asimilación importante entre deporte e profesión (por exemplo fútbol-futbolista, motocrós, coche fórmula 1-piloto), e as nenas seguen desenvolvendo deportes tradicionais ballet, baile moderno, patinaxe,... Como aspecto positivo sinalar que comeza a haber nenas que elixen fútbol, esquí, tenis, baloncesto, e algúns nenos que elixen patinaxe ou ballet rompendo un pouco cos estereotipos sinalados anteriormente.

Por último destacar que cando se lles presenta mulleres en deportes tradicionalmente masculinizados (alterofilia, esgrima, trial, ciclismo e judo) reaccionan de xeito moi sorprendente. Obsevamos a incidencia positiva que ten presentarlles mulleres en posicións moi activas e dinámicas xa que actividades como o boxeo, o rugby, a fórmula 1, a alterofilia, fútbol en ocasións se poñían como exemplos daqueles deportes que as mulleres non son quen de facer.

Sinalar que tanto á hora de nomear deportes e profesións, aínda que sexa en referencia a mulleres, emprégase de xeito xeralizado o masculino xenérico.

Finalmente sinalar que coa realización deste obradoiro observamos que o alumnado posuía unha concepción errónea e estereotipada de conceptos tales como: homosexual, travesti, transexual, transformismo, e ademais un emprego de conceptos como maricón, mariquita, gay, travesti,... cun sentido claramente pexorativo. Este feito nos levou a insistir e profundar na aclaración dos significados destes termos, na necesidade de respectar as decisións e liberdades de cada persoa e en enfatizar que existen moitas formas de ser home e de ser muller.

## **COÑEZO O MEU CORPO**

Nas primeiras das actividades deste obradoiro o alumnado dispoñía dunha maleta para irse de viaxe na que cada persoa só podía meter unha pertenza.

A nivel xeral podemos dicir que os obxectos elixidos non foron estereotipados, xa que tanto nenos coma nenas os nomearon indistintamente: balón, psp, mp3, mp4, roupa, portátil, un libro, comida, diñeiro, a mascota,...

Á hora de responder ás diferentes preguntas relacionadas co corpo e a imaxe que cada persoa ten sobre si, foron moitas e diversas.

Neste senso podemos dicir que maioritariamente pensan que é importante que cada persoa acepte o seu corpo. Por outra banda, o significado que tiña para o alumnado a aceptación do corpo tiña que ver con gustarse, valorarse, sentirse feliz, quererse, coñecerse, estar a gusto, respectarse...

## Camión con nós pola igualdade

A nivel xeral consideran que o problema de aceptar o corpo sucédelle máis ás chicas. Os motivos que daban a esta cuestión eran varios como por exemplo: acomplexamento, preocupación polo físico, queren estar guapas e delgadas, son máis presumidas, por ver ás modelos delgadas, son máis complexas, coidan máis o seu corpo, non se senten ben por estar gordas, para impresionar aos chicos.

Tamén existe unha parte que considera que este problema aféctalle tanto aos rapaces como ás rapazas ben sexa por acomplexamento, para cambiar pequenos defectos ou pola presión dos anuncios e da sociedade en xeral. De xeito aillado tamén se reflectiu que este problema lle afecta máis aos chicos.

Segundo as diversas opinións, para que as persoas acepten o seu corpo teñen que aceptarse, hai que animalas, aceptalas e valoralas nós como son, valorar o interior máis que o exterior, dicirlles que non están gordas, facer que se sintan mellor consigo, que no mercado existan todas as tallas de roupa, que na tele non saian tantas mulleres delgadas, non esixirlles moito, que se operen, facer que estean contentas, dicirlles piropos...

As razóns dadas para argumentar por que unha persoa resulta atractiva foron maioritariamente aquelas que facían fincapé nos aspectos físicos e psicolóxicos. Outras razóns que se deron atendían só a aspectos físicos, destacando no corpo das rapazas os peitos, o cu, o pelo, a cara e os ollos, mentres que no caso do corpo dos chicos destacábase o cu, os músculos, os ollos e a cara. Tamén había motivos que facían referencia a aspectos unicamente psicolóxicos sen facer diferenza neste caso entre aspectos psicolóxicos para chicos e chicas como son: a forma de ser, se é alegre, divertida/o,...

Houbo unha boa interiorización e comprensión das diferentes frases a modo de conclusión que se lles deu para ler, relacionando o seu contido coas cuestións anteriormente comentadas.

Enumeran ben os exemplos de publicidade sexista presente na nosa sociedade e os motivos polos cales se considera como tal. Aínda que tamén hai unha parte que non entende moi ben por que un anuncio é sexista tendo unha idea moi superficial do que é a publicidade, sen que exista en moitos dos casos un xuízo crítico ao respecto.

Chama moito a atención os anuncios nos que aparecen rapazas espidas para anunciar unha moto e unha crema redutora. Neste sentido xustifican a presenza maioritariamente das mulleres espidas na publicidade en xeral para chamar a atención dos homes.

En xeral existía una boa comprensión da canción que lles presentamos para que completasen os ocos que faltaban, entendendo tamén a quen ía dirixida e con que intención.

## **COÑECENDO A MULLERES QUE FAN HISTORIA**

Á hora de traballar a achega das mulleres á historia observamos como existe un descoñecemento xeneralizado, de feito, de todas as mulleres presentadas en cada una

## Camión con nós pola igualdade

das veces que se realizou este obradoiro, tan só en tres ocasións, unha parte da clase coñecía o nome dalgunha das mulleres a traballar (Maruja Mallo, Ángela Merkel, María Teresa Fernández de la Vega)

En moitas das ocasións, e a pesares de que as instrucións eran que tiñan que reflectir aspectos biográficos relacionados coa súa vida laboral, algúns datos recollidos tiñan que ver coa súa vida persoal.

As mulleres que máis captaron a atención do alumnado foron aquelas vencelladas a disciplinas científicas ou ben a postos de poder.

### AVALIACIÓN REALIZADA POLO ALUMNADO:

Ao marxe dos anteriores obradoiros sinalados e unha vez rematados estes, a aquel alumnado que participou dos tres obradoiros temáticos (IGUALMENTE DIFERENTES, COÑEZO O MEU CORPO, COÑECENDO A MULLERES QUE FAN HISTORIA), dado a súa idade, e a súa capacidade de comprensión, análise e capacidade crítica, a "modo de avaliación", pedímoslles que nos comentasen de forma individual cal foi aquela actividade que máis lle gustou, a que menos, e que lle aportou a realización dos obradoiros.

Presentamos o resultado na seguinte táboa, aportando en primeiro lugar aquelas mellor valoradas:

Fig. 5

AS QUE MÁIS ...	AS QUE MENOS...
A arañeira 12%	Nada 29,3%
Quen é? Buca na rede 11,7%	DVD: "Mujeres de hoy: deporte" 16,7%
Adiviña que fago? Mímica 10,3%	Pensar o noso corpo 13,5%
Vou de viaxe 10%	Quen é? Buca na rede 10,4%
Todas as actividades 9,3%	A arañeira 7,3%
DVD: "Mujeres de hoy: deporte" 8%	Sopa de letras: deportes 5,2%
"Traballando a música dende a igualdade Ella. Pa' fuera telarañas. Bebe, 2005. 7,3%	Traballando a música dende a igualdade Ella. Pa' fuera telarañas. Bebe, 2005 4,2%
Analizamos a imaxe de mulleres e homes nos medios de comunicación 7,3%	Somos detectives 3,12%
Somos detectives 6,3%	Analizamos a imaxe de mulleres e homes nos medios de comunicación 3,12%
Sopa de letras: deportes 5,6%	Voume de viaxe 2,9%
Dossier de prensa: análise da realidade dende a perspectiva de xénero 5,3%	A/ O Mensaxeira/ o 1%
Pensar o noso corpo 3,6%	Todas 1%
A/ O Mensaxeira/ o 3,6%	
En grupo construímos igualdade 2,3%	

## Camión con nós pola igualdade

Fonte: Elaboración propia

En función aos datos reflectidos na anterior táboa, sinalar que non respecta a aquelas actividades que máis gustaron, dado o grande número de actividades que o alumno valorou positivamente as porcentaxes non difiren moito unhas das outras, aínda así podemos destacar como principais as seguintes: "A arañeira" (12%), "Quen é? Busca na rede" (11,7%), "Adiviña que fago? Mímica" (10,3%), "Todas as actividades" (9,3%). Gustaríanos salientar o feito de que unha parte importante do alumnado que participou desta avaliación destacou que lle gustaron todas as actividades, dato que resultou moi satisfactorio para o noso traballo.

Respecto ás actividades que menos gustaron: "Nada" (29,3%), DVD: "Mujeres de hoy: deporte" (16,6%), "Pensar o noso corpo" (13,5%), "Quen é? Busca na rede" (10,4%), "A arañeira" (7,3%). Destacar novamente a nosa satisfacción ao comprobar neste caso que a opción máis maioritaria sexa "Nada", dando a entender así que todas as actividades resultaron moi valoradas.

Por outra banda sinalar que é tal a diversidade de opinión que algún datos resultan contraditorias, xa que unha mesma actividade pode ser ao mesmo tempo unha das máis ou das menos valoradas por exemplo "A arañeira" ou "Quen é? Busca na rede".

**Respecto a cales foron aqueles aspectos que destacarían ou coñecementos que adquiriron a través da realización dos obradoiros, as súas achegas foron (ordenadas por orde de frecuencia):**

- *"O home por ser home non é máis importante que unha muller, igualdade de dereitos entre homes e mulleres"*
- *"As chicas e os chicos poden facer as mesmas cousas"*
- *"A achega das mulleres a historia, que moitas veces non coñece"*
- *"Todo"*
- *"Que todos e todas somos iguais"*
- *"Que as mulleres poden facer tamén os mesmos traballos que os homes"*
- *"Igualdade entre sexos"*
- *"O que significa a coeducación"*
- *"O significado da cor lila como cor reivindicativo"*
- *"Non discriminar ás mulleres"*
- *"Que as mulleres tamén son importantes"*
- *"A igualdade no deporte"*
- *"Que os chicos poden levar faldas"*
- *"Nada"*
- *"O respecto ao propio corpo e ao das demais persoas"*
- *"Que as mulleres son tan beneficiosas para a sociedade como os homes"*
- *"Ás veces os chicos somos moi machistas"*
- *"As mulleres tamén contan"*
- *"As chicas poden facer as mesmas actividades e deportes que os chicos"*
- *"Prestar máis atención a mulleres da actualidade"*

En resumo poderíamos sinalar que son conscientes de que existe unha situación de desigualdade da muller respecto ao home na actualidade na nosa sociedade, e que para poder eliminar esta desigualdade son necesarias medidas institucionais e a implicación da propia cidadanía da que forman parte e que polo tanto, poden contribuír a acadar unha igualdade entre sexos.

### 3.2. AVALIACIÓN DOS OBRADOIROS REALIZADA POLO PROFESORADO QUE PARTICIPOU NO PROGRAMA<sup>6</sup>

Á hora de avaliar os datos reflectidos nas enquisas, comezamos por presentar o nivel de implicación na avaliación do programa por parte do profesorado:

Fig. 6

EI		1º EP		6º EP	
ENVIADAS	RECIBIDAS	ENVIADAS	RECIBIDAS	ENVIADAS	RECIBIDAS
106	37	15	3	29	5


Fonte: Elaboración propia.

Ao respecto destes datos, sinalar que o **volumen de participación total foi do 30%**. En termos xerais, esta participación parécese escasa e sería desexable unha maior implicación do profesorado por formar parte do sistema educativo.

Polo miúdo indicar que é a Educación Infantil a etapa da que recibimos maior número de enquisas e polo tanto é da que máis conclusións podemos obter sobre o desenvolvemento dos obradoiros.

En relación ao **número de sesións** realizadas nas aulas do profesorado que nos remitiu a avaliación, sinalar que unha ampla maioría participou de tres sesións e polo tanto pode ter unha visión global do programa.

Fig. 7



<sup>6</sup> Os datos reflectidos neste apartado poden consultarse no Anexo 5: **Recompilación datos estatísticos**

## Camión con nós pola igualdade

Fonte: Elaboración propia

En canto á satisfacción relativa ao número de sesións realizadas, indicar en Educación Infantil e 1º de Educación Primaria non é positiva, mentres que en 6º de Educación Primaria si, tal e como queda recollido nas seguintes gráficas:



Fig. 8

Fonte: Elaboración propia.





Fig. 9

Fonte: Elaboración propia.

Tendo en conta o anteriormente sinalado, a seguinte gráfica reflicte en termos xerais o nº de sesións que o profesorado considera idónea para un bo desenvolvemento do programa:

Fig. 10



Fonte: Elaboración propia.


Dos anteriores datos destacar o feito de que a opción máis escollida é a de 2 sesións trimestrais (6 sesións), seguida de 1 sesión trimestral (3 sesións, a opción da presente edición do programa) e de 1 sesión mensual durante todo o curso escolar (9 sesións). Polo tanto podemos concluír, que en xeral, a demanda de sesións é un número superior a que se realizou na presente edición do programa.



## Camión con nós pola igualdade

En relación á **duración dos obradoiros** desenvolvidos nas diferentes etapas educativas, salienta que a satisfacción do profesorado ao respecto tanto en Educación Infantil, 1º e 6º de Educación Primaria é moi xeralizada. Destaca que tan só un/unha mestre/a de Educación Infantil considerou que a duración idónea sería de 30 minutos e non de 55 como acontece na presente edición do programa. Pódese coñecer esta información polo miúdo na seguinte gráfica:

Fig. 11



Fonte: Elaboración propia.

Respecto da adecuación de obxectivos e contidos a diferentes etapas educativas aos que ían dirixidos, salienta que os datos resultantes son moi positivos, xa que a maior parte das puntuacións oscilaron entre 4 e 5, e sendo esta última a opción claramente maioritaria.

Xa por etapas educativas, sinala que foi especialmente en 6º de Educación Primaria a etapa na que recollimos un maior grao de satisfacción tal e como se observa nos seguintes gráficos:

Fig. 12





Fig. 13




## Camión con nós pola igualdade

Fonte: Elaboración propia.

Fonte: Elaboración propia.


Nesta mesma liña, tamén se avaliou a **adaptación do material empregado** ás características do alumnado ao que ía dirixido:

Fig. 14



Fonte: Elaboración propia.

Fig. 15



Novamente, os datos indican unha valoración moi positiva respecto aos materiais utilizados nos obradoiros, xa que a puntuación maioritaria foi a puntuación máxima (5) e a seguinte puntuación en canto á porcentaxe foi 4. Ao igual que acontecía co grao de satisfacción cos obxectivos e contidos, en 6º de Educación Primaria as puntuacións acadadas (entre 4 e 5) son lixeiramente mellores con respecto ás de Educación Infantil e 1º de Educación Primaria que son máis diversas (3,4 e 5).

## Camión con nós pola igualdade

Fonte: Elaboración propia.

Para avaliar o grao de consecución dos obxectivos do programa, na enquisa de avaliación recolleuse unha síntese destes. O obxectivo é saber en que medida, segundo o profesorado, se acadaron estes obxectivos. Os datos presentados a continuación son as notas medias por obxectivo (1 puntuación mínima e 5 a máxima):

Fig. 16

OBXECTIVOS	E.I. E 1º E.P.		6º E.P.
	Media	NS/NC %	Media
A. Interiorizar as partes do seu corpo sen estereotipos e tabús :	4	9,1	4
B. Expresar sentimentos, afectos e gustos sen estereotipos de xénero:	3,9	15,2	3,8
C. Acadar un autoconceito positivo de si:	4,2	12,1	4,4
D. Rexeitar a violencia como forma de relacionarse, valorarse e resolver conflitos:	4	9,1	4,2
E. Coñecer as diferentes tipoloxías de familia existentes na actualidade:	4	21,1	4
F. Eliminar estereotipos de xénero dentro do ámbito doméstico:	3,8	15,2	3,8
G. Coñecer e valorar a achega das mulleres á historia:	3,4	27,3	3,6
H. Visibilizar a presenza de mulleres en eidos tradicionalmente masculinizados :	4	15,2	4
I. Familiarizarse con conceptos básicos: coeducación, igualdade de oportunidades, violencia de xénero, corresponsabilidade, respecto, convivencia, feminismo ...	3,3	33,3	4

Fonte: Elaboración propia.

A partires dos datos anteriores é interesante destacar:

## Camión con nós pola igualdade

- En todas as etapas educativas as notas medias acadadas varían entre 3,3 e 4,4, polo que podemos dicir que en xeral son positivas e os obxectivos Se acadaron en grande medida.

Destacar que aqueles que acadan unha valoración máis positiva son (por esta orde): *Acadar un autoconcepto positivo de si, rexeitar a violencia como forma de relacionarse, valorarse e resolver conflitos, visibilizar a presenza de mulleres en eidos tradicionalmente masculinizados; e coñecer as diferentes tipoloxías de familia existentes na actualidade.*

- As puntuacións medias acadadas nas distintas etapas educativas (E.I., 1º E.P. E 6º E.P.) non difiren significativamente.

- Se se realiza unha consulta polo miúdo o **Anexo 5: Recompilación datos estatísticos**, pódese comprobar como existe gran variedade de puntuacións (flutuación do 1 ao 5, e mesmo NS/NC).

Consideramos que pode deberse a diferentes motivos: á pouca incidencia das accións encamiñadas a conseguir este obxectivo no alumnado; á non presenza do profesorado durante o desenvolvemento dos obradoiros; á non realización de todos os obradoiros temáticos en todos centros educativos e polo tanto ao non tratamento específico de cada un dos obxectivos presentados na enquisa de avaliación; ao feito de que, ao tratarse dunha síntese global, non todos os obxectivos son traballados coa mesma intensidade en todas as etapas educativas, (algúns son máis específicos para as diferentes etapas e idades do alumnado); ou unha valoración crítica e negativa do obradoiro por parte do profesorado.

- Ademais dos datos puramente cuantitativos houbo profesorado que optou por sinalar que estes son *"obxectivos a acadar a longo prazo e que sería difícil valorar o seu grao de consecución en tan pouco tempo"*.

- En calquera caso, toda a información recollida sobre a consecución dos obxectivos "obriga" e alenta a seguir traballando.

Unha vez avaliados os obxectivos indagouse na **opinión do profesorado respecto das actividades**:

- **As que máis gustaron foron**: No 2º Ciclo de EI e 1º de EP: "Todas as actividades" 42,5%; NS/NC 32,5%, e o 25% restante "*os contos*", "*o teatro de títeres*" (Monicreques: a viaxe de igualantía. Planeta terra), "*bailar e abrazarse*" (O abrazo musical), "*identificar as partes do corpo dun neno e dunha nena e asociarlles a cabeza*" (Este é o meu corpo), "*as representacións simbólicas no cortiza*" (traballo de diferentes actividades na tea de feltro que se colgaba no cortiza da aula: Este é o meu corpo e A caixa máxica de Eva e Lucas), "*os oficios*" (aspecto transversal de todos os obradoiros), "*a lavadora*", "*puzzle da nave*" (Somos mecánicos e mecánicas: arranxando a nave de Igualantía).

En 6º de EP O profesorado pronunciouse pouco ao respecto, e tan só indicou: todas 40%, os xogos e as actividades correspondentes ao 2º e 3º obradoiro (Coñeco o meu corpo e Coñecendo a mulleres que fan historia), 40% e un 20% NS/NC.

## Camión con nós pola igualdade

- **As que menos gustaron foron:** En EI Un 60% NS/NC, ningunha 32,5%, e un 5%, "Disfrazámonos para a festa de cumpreanos".

En 6º EP 80% non se pronunciou e un 20% indicou que ningunha.

Segundo o profesorado, **o desenvolvemento na súa aula do programa axudoulle:**

**Ao profesorado de EI e 1º de EP:** Un 62,5% realizou diferentes aportacións : "A completar a nosa programación", "É a miña liña de traballo e axudaron a complementalo"; "Dar-me ideas para traballar o tema"; "Recursos para traballar a igualdade"; "Incidir significativamente na igualdade dun modo moi motivante e axeitada para estes/as cativos/as"; "Ampliar as actitudes antisexistas nos/as nenos/as", "Ver a realidade dos nenos e das nenas"; "Prestarlle máis atención aos aspectos de igualdade de xénero"; "Que os/as alumnos/as se valoren máis na igualdade", "Traballar un tema transversal: a igualdade entre sexos"; "Facer pensar plantexamentos sobre o tema e a inclusión deste nas actividades da aula"; "Tratar o tema da igualdade"; "Traballar sobre estes temas e darlle a importancia que teñen"; "Facilitarme a tarefa do tema da igualdade"; "Traballar cos nenos e coas nenas a coeducación"; "Incidir máis nas clases sobre os aspectos da igualdade e eliminar algúns estereotipos"; "Ideas para enfocar estes temas"; "Traballar o tema con máis naturalidade"; "Reforzar e lembrar as actividades deste tipo na aula"; "Completar o meu traballo". Por outra banda, un 35% do profesorado NS/NC.

**Ao profesorado de 6º EP:** "Mellor relación entre nenos e nenas"; "A mellorar as relacións co alumnado"; "Coñecer o programa"; "Reflexionar sobre a igualdade das persoas"; "A recordar e reforzar coñecementos e actitudes que o emprego diario desvirtúa".

Tendo en conta tamén as opinións do profesorado, o programa ao seu alumnado aportoulle:

**Ao alumnado de EI e 1º de EP:** Un 75% aportou opinións tales como: "Completar a educación de igualdade entre ambos sexos"; "Pensar, abrir a mente cara a concienciarse"; "Iniciarse na sensibilización destes temas"; "Eliminar estereotipos de xénero"; "Cambiar de actividade, acadar conceptos novos"; "Ser moito máis abertos nestes temas"; "Coñecer diferentes puntos de vista"; "Descubrir situacións de desigualdade"; "Desbotar estereotipos de xénero nos xogos e actividades da aula"; "Recoñecer que non hai traballos, cores...exclusivos dun sexo"; "A non ter ningún problema para acceder ás diferentes zonas de xogo simbólico"; "Toma de contacto co tema, pero habería que profundar máis"; "Verse coma persoas e non facer distincións por sexos"; "Xogar cos xoguetes dende a coeducación"; "Valorar por igual a nenos e nenas"; "Traballar este eido con outros adultos"; "Non asociar as cores e xoguetes ao sexo"; "Introducir o tema en idades temperás"; "Relacionarse mellor"; "Pensar en alternativas ante os seus propios prexuízos"; "Entrar en contacto co mundo da igualdade"; "Reforzar o traballado

## Camión con nós pola igualdade

*pola titora durante o curso”; “Reforzar o traballo da titora”. E un 25% restante NS/NC.*

**Ao alumnado de 6º de EP:** “*Coñecer mellor a problemática da desigualdade entre sexos”; “Mellorar relacións; Ter e respectar aos demais”; “Todos os obxectivos presentados nos obradoiros e analizar comportamentos estereotipados arraigados na sociedade Considerados normais”; “A ser un pouco máis reflexivo e respectuoso”.*

A modo case de peche de todos os aspectos avaliados na enquisa, queremos aportar a valoración xeral do profesorado (puntuación media acadada, sendo 1 a puntuación mínima e 5 a máxima) respecto do **traballo realizado polas Pedagogas que desenvolveron os obradoiros**. As puntuacións resultantes son altamente satisfactorias e moi valoradas polas Pedagogas do programa.:


Fig. 17

	<i>coñecementos</i>	<i>metodoloxía</i>	<i>actitude</i>
E.I. e 1º E.P.	4,7	4,7	4,9
6º E.P.	5	5	5

Fonte: Elaboración propia.

Finalmente avaliouse o **grao de satisfacción xeral co programa** (sendo 1 a puntuación mínima e 5 a máxima), e a opinión sobor da **continuidade deste en vindeiros cursos escolares**:


Fig. 18



Fonte: Elaboración propia.

Fig.19

## Camión con nós pola igualdade



Fonte: Elaboración propia.

Os datos de ambas as dúas gráficas reflicten un alto grao de satisfacción co programa por parte do profesorado que participou nel e o ánimo de repetir a experiencia.

Finalmente queremos reflectir aqueles aspectos que o profesorado botou en falta ou suxestións respecto ao desenvolvemento do programa:

**Profesorado de EI e 1º de EP:** Un 80 % non realiza ningunha aportación e o 20 % restante realiza as seguintes: *"Máis sesións e máis intensas"; "Toda a axuda é benvida. Os obxectivos son demasiado ambiciosos e non se acadan cun par de sesións"; "Máis sesións"; "Máis obradoiros"; "Unha programación dos obxectivos e das actividades proxectadas así como as conclusións das pedagogas en canto a súa consecución e os avances atopados"; "Mellor levalos a outra aula para que poidan non sentirse só no seu terreo"; "Sería bo contar con algún home como animador das sesións".*

**Profesorado de 6º de EP:** Un 80 % non se pronunciou, e un 20% sinalou *"o pouco tempo e que quizais sería positivo contar con algún home".*

## 4. CONCLUSIÓNS

Á hora de valorar o desenvolvemento da II edición do programa "*Camión con nós pola igualdade*" nos diversos centros educativos de Educación Infantil e Educación Primaria, queremos comezar salientando que, dende a nosa perspectiva, a experiencia resultou novamente moi positiva e enriquecedora.

Destacar que, o programa tivo moi boa acollida nesta II edición: do total de 54 centros educativos que foron invitados a participar, recibimos resposta dun total de 32 aínda que finalmente puideron participar 29 centros (incrementándose en 10 o número de centros participantes e en 919 alumnos e alumnas con respecto á edición anterior).

Este aspecto resulta moi importante xa que tal demanda ven a confirmar a consolidación, paseniño, paseniño, deste novo programa da Oficina da Muller e establece un contacto máis estable e continuado cos centros educativos da cidade. De feito todos os centros que participaron na primeira edición do programa, solicitaron participar na II.

Esta boa acollida sinalada anteriormente foi manifestada, tamén pola dirección, o profesorado e polo alumnado. Ademais resultou moi positivo o feito de que a maior parte dos centros solicitase a realización de obradoiros dun xeito estable, xa que puidemos iniciar comunicación cos centros escolares e o alumnado que se incorporou e



## Camión con nós pola igualdade

retomar a xa establecida o pasado curso escolar con aqueles centros que participaron na I edición.

Tratando máis polo miúdo esta acollida, destacar que, **o novo profesorado** ao comezo adoptou unha mistura de actitudes: curiosidade, reticencia, expectación ante o tipo de actividades que se ían desenvolver e se estas estarían adaptadas ao alumnado ao que ían dirixidas, confusión entre este programa e o programa municipal do IME "*Na escola en igualdade*" encamiñado tamén á educación en prol da igualdade,... Esta reticencia sinalada anteriormente tamén viña dada polo feito de nalgunhas ocasións non houbo comunicación e coordinación entre a persoa que solicitou participar no programa (xeralmente director/a, xefe/a de estudos) e o profesorado correspondente, polo que este último podía chegar a visionar o desenvolvemento dos obradoiros como algo imposto (de cara a próximas edicións do programa sería interesante manter contacto co profesorado titor antes da realización dos obradoiros). Unha vez superados estes primeiros momentos a actitude do profesorado foi moi positiva, cooperativa e de confianza. Ademais parte do profesorado indicounos que tiñan coñecemento da existencia do programa e unha valoración positiva a través dos centros que participaron na I edición.

**O profesorado que participou nesta I edición**, acolleu moi positivamente a reedición deste programa e observamos nel unha actitude facilitadora do desenvolvemento do programa, confianza nas pedagogas e expectación de cara á realización dos novos obradoiros.

Por outra banda, a actitude do **alumnado**, especialmente do **novo**, foi moi positiva e este nos recibiu con moita curiosidade e expectación. Neste caso foi novamente importante ( ao igual que aconteceu no curso anterior) o labor dunha parte do profesorado que se preocupou por explicarlle ao alumnado: en que consistía o programa, que ían participar en novas actividades con "novas profesoras" e en instalo a que adoptase unha actitude correcta de cara a nosoutas e de cara ás actividades.

Especialmente satisfactoria foi a actitude do alumnado de **Educación Infantil**, que nos visionou rapidamente como unhas "profes novas" que ían desenvolver xogos e actividades moi divertidas, contarlles cousas novas...; amosou unha actitude participativa e con ganas de aprender cousas novas, e que rapidamente normalizou a nosa presenza como parte da súa vida no centro escolar.

No caso de **Educación Primaria**, a acollida tamén foi moi boa, pero existiu máis diversidade. Había alumnado ao que parecía non interesarlle a temática dos obradoiros, e tamén ás veces nos resultou bastante complexo, cando non imposible, que asumise como bos aspectos coeducativos ou igualitarios. Nestas idades resultou clave o grupo, e resultaba moi difícil que nos grupíños que se formaban na clase, especialmente no caso dos rapaces, estes últimos amosasen opinións discrepantes co grupo.

Nos obradoiros desenvolvidos co **alumnado da edición pasada**, na meirande parte observamos que: nos recoñece e recoñece os obxectivos, a metodoloxía das actividades, as súas características,... e percatámonos de que a maioría do alumnado lembra o aprendido nos obradoiros da pasada edición. Todo o anterior fai que poidan seguir con maior fluidez a dinámica das actividades, e isto facilita a profundización nos coñecementos xa adquiridos e en definitiva o noso traballo.

## Camión con nós pola igualdade

Este ambiente creado axudounos moito a desenvolver os obradoiros para que non supuxese un exame ou proba para nosoutras, aínda que cada día, cada obradoiro era un novo reto.

Por outra banda, sinalar que os **principais problemas** cos que nos atopamos á hora de deseñar e desenvolver o programa foron os seguintes:

- Dificultades para coordinar todo o proceso de desenvolvemento do programa debido ao gran número de centros, unidades participantes e de obradoiros a realizar, e ser flexibles á dinámica dos centros.
- Dificultades para simultanear as accións anteriormente mencionadas co deseño de obradoiros, materiais didácticos e á vez a reparación e reposición do material que se empregaba diariamente para o desenvolvemento dos obradoiros.
  - Esfuerzo e tempo invertido na busca e deseño de material didáctico. Este esforzo resultou moi positivo, xa que coidamos que un dos motivos polos que os obradoiros tiveron éxito, foi en gran medida, polo material utilizado ao igual que aconteceu na I edición do programa. A nosa intención foi deseñar materiais o máis didácticos posibles –especialmente no caso de Educación Infantil-, e por suposto adaptados en todo momento á idade do alumnado ao que ían dirixidos e acordes ás actividades a levar a cabo. Perseguido este obxectivo conseguimos elaborar materiais didácticos e pedagóxicos moi vistosos e atractivos, con moito colorido, manipulables, móbiles, táctiles, etc. ademais dos materiais elaborados por nós, tamén empregamos materiais que nos facilitaron o Servizo Galego de Igualdade (contos, libros...) e Instituto da Muller (dvds, libros,...), e material coeducativo (contos, libros,...) que mercamos despois dunha inxente busca en diferentes librerías.

Ademais de reflectir os inconveniente que tivemos ao longo do desenvolvemento do programa , gustaríanos salientar especialmente aqueles aspectos positivos que aportou o programa "Camión con nós pola igualdade" ao alumnado, profesorado e a nós mesmas.

### **Principais achegas ao alumnado:**

**Moitas das achegas que a continuación se mencionan coinciden con aqueles aspectos que o profesorado, a través da enquisa de avaliación, sinala que lle aportou ao alumnado o feito de participar no programa.**

- Presentar sobre todo ao alumnado de 6º de EP a existencia da Oficina da Muller no Concello de Vigo: obxectivos e recursos.
- Dar a coñecer, desmitificar, ou aclarar conceptos como coeducación, igualdade entre mulleres e homes, violencia de xénero, violencia machista, feminismo (nunha parte moi importante do alumnado, o feminismo considerábase o análogo de machismo, en troques de "feminismo") homosexualidade, bisexualidade, transexualidade, travestismo,...

## Camión con nós pola igualdade

- Axudar a iniciar ou afianzar a expresión de afectos (bicos, apertas, abrazos) sentimentos,... a saber que non é malo expresar opinións, discrepar, etc.... Especialmente, nos alumnos de 6º de Primaria observamos reticencias neste senso, no caso das alumnas este rexeitamento era mínimo.
- Sumar esforzos para acadar un autoconcepto positivo de si, quererse e valorarse.
- Aprender que relacionarse coas outras persoas facendo uso da violencia é negativo , atenta coa dignidade das persoas e perpetúa situacións de desigualdade.
- Fomentar o traballo conxunto de chicos e chicas nunha mesma aula. En bastantes ocasións atopamos reticencia á traballar deste xeito, e incluso atopamos 3 aulas en 6º EP nas que o alumnado estaba claramente dividido, por unha parte os chicos e por outra as chicas. A explicación a esta situación resultou ser que o profesorado permitiu que o alumnado se organizase segundo as súas preferencias.

Pola contra e en sentido positivo, sinalar que hai un bo número de profesorado preocupado porque o seu alumnado participe de forma conxunta nas actividades. Por exemplo: á hora de facer grupos, indica a necesidade de que sexan mixtos; se hai que sentarse en círculo que senten neno-nena; etc.

- Unha parte do alumnado, a través dos talleres descubriu un problema que existe na nosa sociedade e que ignoraba – a desigualdade por mor de xénero-, ou ben que consideraba xa superado con creces debido a todas as conquistas sociais dos últimos tempos. A esta parte do alumnado resultáballe moi complexo comprender como hoxe en día, seguen a existir persoas, mulleres, que non poden elixir libremente como queren ser e vivir as súas vidas.
- A visibilizar accións (profesións, deportes, tarefas que se desenvolven dentro ou fóra da casa,...) que na súa vida cotiá non ven realizadas por mulleres, e tamén á inversa (aínda que en menor medida), non ven realizadas por homes.
- É moi importante para nosotras salientar que grazas aos obradoiros, algunhas persoas que tiñan ideas ou comportamentos estereotipados comezaron a reconsiderar. O que maior sorpresa nos segue a causar é o feito de comprobar que nenos e nenas de tres anos xa se comportan de forma estereotipada a pesares da súa curta idade.
- Entre unha parte importante do alumnado existía moita confusión respecto do que significaba ser home ou muller, e moita dificultade para comprender que non existe un modelo de como ser home e ser muller (nese aspecto insistiuse moito nos obradoiros porque o considerabamos fundamental). Sobre todo no caso dos rapaces observamos como aqueles que se saen do “modelo tradicional de home”, rapidamente os relacionan coa homosexualidade. Neste senso tamén posuían dificultades á hora de diferenciar entre homosexualidade, transexualidade, bisexualidade, transformismo,... todas estas dificultades estaban claramente moi vencelladas a estereotipos de xénero.

Tamén hai que destacar a aquelas alumnas e aqueles alumnos que tiñan moi claro o que é ser muller e ser home, as diferentes formas de ser home e de ser muller,

## Camión con nós pola igualdade

en definitiva de ser persoa. De feito, os obradoiros axudáronlles a afianzar unha idea sobre a igualdade que xa tiñan e que non estaban moi seguros/as de poder defender fronte a un grupo.

- Visibilizar a existencia de moitos tipos de relacións afectivas e familiares.
- Difundir a necesidade dunhas relacións igualitarias non só no eido público senón tamén no privado: relacións de respecto, corresponsabilidade,...
- Percibimos tamén, que en ocasións, o alumnado ten moita información sobre moitos temas pero necesita situar/recolocar e matizar moita desa información – especialmente no caso do alumnado de 6º de Primaria-. Ás veces convertímonos nun recurso para poder proporcionar información e resolver dúbidas respecto da coeducación. Esta actitude por parte do alumnado foi fomentada dende o primeiro momento polas pedagogas a través da comunicación fluída e distendida.
- A amosar unha actitude crítica ante aquelas cousas que observamos na vida cotiá e que cremos que non están ben (neste caso especialmente por desigualdade de xénero). En 6º de Educación Primaria pareceunos especialmente importante o traballo que se realizou en prol do desenvolvemento dunha actitude crítica ante os medios de comunicación (televisión, videoxogos, radio, periódicos,...) facendo especial énfase en como se nos presenta a homes e mulleres nestes medios e como este tratamento segue sendo discriminatorio e sexista coa muller.

### **Principais achegas ao profesorado:**

**Algúns dos aspectos que a continuación se reseñan son coincidentes con aqueles cos que o profesorado reflectiu nas enquisas de avaliación en canto á achega dos obradoiros ao seu traballo:**

- Axudar a que moitas mestras e moitos mestres coñecesen unha/outra forma de traballar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a coeducación adaptada ás idades do alumnado.
- Reforzar o labor que parte do profesorado xa viña desenvolvendo respecto desta temática, a sistematizar máis este labor.
- Contribuír a que aquel profesorado que traballa case de forma única o coeducación no seu centro non se sinta só e se sinta apoiado.
- Fomentar a súa concienciación e implicación respecto da discriminación de xénero existente noutros momentos da historia e no actual, e que nalgúns casos, previamente á realización dos obradoiros consideraban inexistente ou moi superada.
- Impulsar que o profesorado faga unha análise crítica do seu labor docente en canto á reprodución de estereotipos de xénero e traballar a prol da coeducación.
- Ser unha “canle directa” de información en todo o relacionado co tema da Coeducación e a Igualdade de Xénero. Así como tamén unha fonte de recursos didácticos.

## O QUE QUEDA POR FACER:

**Neste momento das conclusións desexaríamos destacar aqueles contidos que se ben foron traballados intensamente ao longo do programa, é onde consideramos que hai que seguir centrando un esforzo moi importante:**

- Con respecto ás cores, xogos, xoguetes, deportes, profesións,... aínda que xeralmente *se acepta* que poden ser empregados ou realizados tanto por nenas como por nenos, por homes e mulleres, moitas veces –especialmente no caso do alumnado de Educación Infantil- non se asume totalmente que estes obxectos ou accións son independentes do sexo de quen os utiliza ou desenvolve, que non son sexuados. A tendencia segue a ser encadrar ás persoas e ás súas afeccións segundo sexan mulleres ou homes, reproducindo os roles e identidades que socialmente se lle teñen asignado a cada sexo: "*cousas de chicos*", "*cousas de chicas*".

- Tendencia a que as rapazas opten por aquelas actividades máis sedentarias, que requiran menor actividade física e iniciativa, e máis actividade intelectual. Mentres que no caso dos rapaces decántanse máis por actividades con maior esforzo físico, dinamismo, iniciativa, investigación e exploración. Sen embargo debería existir un unha realización indistinta segundo o sexo destas actividades e unha igual valoración por parte do propio alumnado e socialmente delas.

- No subconsciente do alumnado (especialmente no caso do alumnado de Educación Infantil) segue a imperar unha clara división das tarefas entre mulleres e homes. Aos homes se lles asigna maioritariamente o traballo produtivo remunerado e desenvolvido no ámbito público, mentres que ás mulleres se lles asigna o reprodutivo desenvolvido no ámbito privado e sen remunerar e sen valoración. Un exemplo: "*Mamá non traballa, está na casa, fai as cousas da casa. Papá si traballa*", "*Papá non fai as cousas da casa porque está canso e ten que descansar*", "*A fin de semana papá non fai cousas na casa porque xoga comigo no parque*" "*Mamá nunca cansa de pasar o ferro, cocíñar,...*" Ademais de traballar en prol da erradicación da situación anterior pugnar para que cada persoa, sexa home ou muller, teña tempo para si, tempo libre,... ao marxe das responsabilidades que poida desempregar.

- Enfatizar que na nosa sociedade existen moitas formas de ser home, de ser muller e que cada persoa ten que ser suxeito activo da súa vida (ao marxe das características físicas e/ou psicolóxicas e dos roles de xénero preestablecidos).

- A concepción das relacións afectivas e familiares seguen a ser moi estereotipadas, hai que seguir visibilizando a existencia de multiplicidade de estruturas familiares presentes na sociedade e o igual valor que ten cada unha delas.

- A achega do traballo das mulleres ao longo da historia (en todos os seus ámbitos) e como protagonistas desta e da súa propia vida. Observamos que cando se lle presentan ao alumnado estes contidos, a actitude tanto de chicos como de chicas é de sorpresa nun principio é abraiamento e de curiosidade, en definitiva unha reacción altamente positiva.

## Camión con nós pola igualdade

- Un aspecto que queríamos resaltar é que durante os obradoiros apreciamos como se as rapazas estivesen a facer súas aquelas actividades tradicionalmente masculinas (os estereotipos de xénero persisten, pero á hora de falar sobre profesións, deportes,... as rapazas optan por unha gran diversidade, e xa non só por aquelas estereotipadas), mentres que isto non se observa tanto no caso de rapaces con respecto a actividades tradicionalmente feminizadas. É dicir, semella como se afortunadamente, as mulleres están a enriquecerse accedendo a aqueles ámbitos tradicionalmente masculinizados, mentres que os homes non están a retroalimentarse na mesma medida.

- Facer coñecedor e partícipe ao alumnado de que unha sociedade máis igualitaria e respetuosa coas mulleres, é unha sociedade máis xusta. A igualdade é boa para moitas mulleres e para moitos homes, non é boa só para as mulleres.

- Unha parte importante do profesorado reproduce roles de xénero en aspectos cotiás da súa práctica docente: organización da aula e decoración da aula; a forma en que se dirixe ao resto do persoal docente, ao alumnado; programación de actividades; materiais e recursos, distribución das clases,...

### **Por último:**

Enfatizar que en termos xerais o desenvolvemento desta edición foi moi positivo tendo en conta o grande número de centros e alumnado participante, os avances que observamos no alumando, a avaliación realizada polo profesorado, e a nosa propia.

Non queríamos acabar sen comentar que para nós supuxo unha experiencia moi enriquecedora tanto a nivel profesional como persoal. Todos os días eran para nós unha aventura nova porque todos os días eran diferentes, aínda que os nenos e as nenas fosen os/as de sempre. Ademais tivemos a posibilidade de entrar en contacto coa realidade máis fidedigna que moitas veces defire do que se recolle nos medios de comunicación.